

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA NOVE DE AGOSTO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretaria accidental D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día nove de agosto de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e seis de xullo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares.

2.1.- Instancia núm. 682/11 de don Alfonso Armada Comyn

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construción dunha rampla de acceso a finca, de aproximadamente 3 metros e colocación de tubos na gábea, en Ortigueira, en solo rústico de protección de interese patrimonial, artístico ou histórico (ordenanza R-8) e no ámbito de protección do Pazo de Ortigueira, declarado BIC.

Dáse conta así mesmo da autorización da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico da Coruña (expediente 577/11).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: levaranse a cabo de acordo co proxecto técnico remitido á Comisión Territorial do Patrimonio Histórico da Coruña, permitindo o natural discurrir das augas a través da tubaxe proxectada; non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que se atopa, quedando o arranque da rampla ao mesmo nivel co vial; non se realizarán movementos de terras nin se pavimentará máis aló do estritamente necesario para resolver o paso sobre da canalización. Ademais cumpríranse as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción que establece o Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#).

2.2.- Instancia núm. 1.326/11 de don Casimiro Rey Vilariño

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para proceder á parcelación da finca núm. 249 de concentración parcelaria de Ribadulla, sita en Neira de Abaixo, en solo cualificado no PXOM como de expansión de núcleo rural (N-2) e solo de núcleo rural (N-1), en cinco fincas resultantes, de acordo co proxecto técnico presentado redactado polo arquitecto técnico don Manuel Gama-llo Varela.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais, xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de trescentos (#300,00#) euros.

2.3.- Instancia núm. 1.368/11 de dona Florinda Jesusa Novoa Iglesias

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a rehabilitación da cuberta da vivenda, consistente na substitución de tella por fibrocemento e tella nunha superficie aproximada de 55 m², situada en Reboredo, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma (incluídas as vigas ou viguetas da cuberta) e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns, non permitíndose a apertura de novos ocos. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e un euros con oitenta e oito céntimos (#41,88#).

2.4.- Instancia núm. 1379/11 de don Agustín Barros Carpinteiro

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, expón que con data 23/06/2009 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para a reforma de vivenda unifamiliar en Fufín -Vedra (licenza nº 61/2009), e dado que remataron as obras para as que foi concedida a licenza e achegando a documentación preceptiva solicita que de conformidade co artigo 10.8 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da lei do solo de Galicia e 194.2 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se lle conceda a licenza de primeira ocupación.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza de primeira ocupación solicitada, e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de noventa (#90,00#) euros.

2.5.- Instancia núm. 1.359/11 de dona Yolanda Neira Gómez

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, expón que con data 14/06/2001 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Cimadevila - San Miguel de Sarandón (licenza nº 110/2001), e dado que remataron as obras para as que foi concedida a licenza e achegando a documentación preceptiva solicita que, de conformidade co artigo 10.8 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da lei do solo de Galicia e 194.2 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se lle conceda a licenza de primeira ocupación.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza de primeira ocupación solicitada, e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de noventa (#90,00#) euros

2.6.- Instancia núm. 1.381/11 de dona María Preciosa Pereiras Mareque

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a substitución de tella por uralita e tella na cuberta da súa vivenda nunha superficie aproximada de 50 m², situada en Xián nº 7, en solo cualificado no PXOM como de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma (incluídas as vigas ou viguetas da cuberta) e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons, non permitíndose a apertura de novos ocos; de acordo coa lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais de acordo co artigo 3 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e un euros con oitenta e oito céntimos (#41,88#).

3º.-Certificacións de obras

3.1.- Certificación núm. 1 e final da obra de *Construción dun pozo de bombeo de augas residuais en Paradela (código 11-2100-0241.0) do POS 2011.*

Dáse conta da certificación núm. 1 e final da obra de *Construción dun pozo de bombeo de augas residuais en Paradela (código 11-2100-0241.0)*, incluída no POS 2011, e máis da factura núm. 00361-11 da empresa adxudicataria Construcciones Boqueixón, S.L, por importe de corenta e tres mil seiscientos sesenta (#43.660,00#) euros, sendo o director da obra o arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma.

3.2.- Certificación núm. 1 e final da obra de *Mellora e acondicionamento dos viais municipais en Dozar, Romarís, Outeiro, A Revoltiña, Paradela, Trobe e San Miguel de Sarandón (código 11.2100.0240.0)*

Dáse conta da certificación núm. 1 e final da obra de *Mellora e acondicionamento vias municipais en Dozar, Romarís, Outeiro, A Revoltiña, Paradela, Trobe e San Miguel de Sarandón (código 11.2100.0240.0)*, incluída no POS 2011, e máis da factura núm. EO0182/11 da empresa adxudicataria Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de sesenta e seis mil (#66.000,00#) euros, sendo o director da obra o arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma.

4º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais

4.1.- Instancia núm. 1.105/11 de Construcciones Villaverde Carbia, S.L

Dáse conta da citada instancia na que don José Villaverde Carbia, en representación de Construcciones Villaverde Carbia, S.L, solicita a devolución do aval depositado para responder da execución da obra de *peche de parcela, adición de porche e acondicionamento da rampla no CEIP de Ortigueira (expediente 2799)*, incluída no Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local 2010, por importe de 1.767,95 euros.

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

5º.- Acordo, se procede, sobre concesión de subvencións para actividades deportivas para o exercicio 2011

En función da proposta da Comisión Avaliadora, a Xunta de Goberno acorda concederlle as seguintes subvencións para actividades deportivas, con cargo á partida 341-480:

*CLUB OLÍMPICO DE VEDRA: 4.100,00 EUROS

*FCF RIO ULLA: 2.000,00 EUROS

*C.D. SAN MAMEDE: 3.825,00 EUROS

*ED RIBADULLA: 3.565,00 EUROS

*U.D. VAL DO ULLA: 510,00 EUROS

6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data once de xullo do ano que andamos, pola que se ordena que se proceda ao arquivo do expediente tramitado para a reposición da legalidade urbanística por mor das obras executadas por don Andrés Iglesias Rubio no lugar de Paradela, xa que o muro obxecto da actuación foi retirado.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data once de xullo do ano que andamos, pola que en relación co expediente instruído por mor das obras executadas no lugar de Paradela, consistentes na construción dun peche con postes e malla de arame sen axustarse á aliñación establecida no PXOM, e dado que o cerramento retirouse antes da resolución do expediente sancionado, acórdase aplicar unha redución da sanción nun 80%, quedando establecida na cantidade de cen (#100,00#) euros

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trece de xullo do ano que andamos, pola que se designa a don Javier García Méndez, enxeñeiro de telecomunicacións (cole-

xiado nº 10338) como coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra de *Mellora e acondicionamento viais municipais en Dozar, Romarís, Outeiro, A Revoltiña, Paradela, Trobe e San Miguel de Sarandón do POS 2011*.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data quince de xullo do ano que andamos, pola que en relación coas obras que se están a executar en Noceda -Trobe por dona María R. Castro Tato, ordénase a suspensión inmediata dos actos en tanto non se proceda á comprobación das mesmas.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data quince de xullo do ano que andamos, pola que á vista do informe favorable emitido polo coordinador de seguridade e saúde, don Javier García Méndez, apróbase o plan de seguridade e saúde da obra *Mellora e acondicionamento viais municipais en Dozar, Romarís, Outeiro, A Revoltiña, Paradela, Trobe e San Miguel de Sarandón do POS 2011*, adxudicadas á empresa Obras y Viales de Galicia, S.L.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de xullo do ano que andamos, pola que se aproban as bases que rexerán o proceso de selección dunha praza de técnico informático, con contrato por obra ou servizo de duración, 6 meses, a xornada completa, subvencionado polo programa para actividades de promoción económica da Deputación Provincial.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.7.- Dáse conta de Resolución da Alcaldía de data un de agosto do ano que andamos, pola que con motivo do período de vacacións deléganse as funcións da Alcaldía na 4ª Tenente de Alcalde dona María Jesús Piñeiro Caldelas do 15 ao 25 de agosto, ámbolos dous incluídos.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.8.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data oito de agosto do ano que andamos, pola que se publica a lista provisional de admitidos, désígnanse os membros da Mesa de Selección e fíxase día, hora e lugar para a celebración das probas para a contratación dun técnico informático, mediante a modalidade contractual de contrato de duración determinada por obra ou servizo a tempo completo e cunha duración de seis meses para impartir cursos de informática.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7º.- Outros asuntos

7.1.- Subvención para festas parroquiais

Coa finalidade de promover as festas parroquiais, a Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda ás Comisións de Festas por importe de seiscentos (#600,00#) euros, debendo para o cobro das mesmas presentar xustificantes de gasto por importe de polo menos o dobre da cantidade concedida.

7.2.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

Dáse conta da instancia núm. 1383/11 na que don David Mareque Barreiro, con domicilio en San Fins de Sales, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 75% , segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado e lle obriga a usar cadeiras de rodas, polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento, segundo modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado

7.3.- Escrito núm. 1.353/11 da Asociación Cabaleiros do Santiaguíño

Dáse conta do citado escrito no que don Santiago González Riveiro, en calidade de Presidente da Asociación Cabeleiros do Santiaguíño, expón que a citada asociación realizará a *V Ruta Cabalar do Santiaguíño* o día 21 de agosto, polo que solicita a concesión dunha axuda económica para afrontar os gastos derivados da organización da mesma.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de trescentos cincuenta (#350,00#) euros, debendo para o cobro da mesma presentar xustificantes de gastos por importe de polo menos o dobre da cantidade concedida .

Conclúe ao fío das catorce horas e vinte e cinco minutos.